

Rosalía e a lingua galega do seu tempo e do seu entorno

Xosé Luís Pensado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PENSADO, XOSÉ LUÍS (2012 [1986]). “Rosalía e a lingua galega do seu tempo e do seu entorno”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 43-50. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2015>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PENSADO, XOSÉ LUÍS (1986). “Rosalía e a lingua galega do seu tempo e do seu entorno”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 43-50.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROSALÍA E A LINGUA GALEGA DO SEU TEMPO E DO SEU ENTORNO

X.L. PENSADO

Universidade de Salamanca

Unha das cousas que máis nos sorprende na obra de Rosalía é que teña dado orixe a tantos traballos de tipo literario, e comparativamente, a tan poucos de orde lingüística. Sempre foi así, e segue sendo agora, se alguén non o acreditase non tería máis que botar unha ollada á Circular deste Congreso para percatarse do que afirmamos. Poderíamos explicalo argüíndo que isto é característica hispánica, xa que ocorre igual coas figuras literarias do castelán. Así e todo temo-la sensación de que para calquera lector de Rosalía o celme da súa beleza literaria faino escorregar cara ó exame estético da súa obra, e se non fai un esforzo grande non se pode mergullar enteiramente no exame da súa lingua, que á fin e a postre é o instrumento comunicador de tal enmeigamento.

E probable que nesta escasa productividade lingüística sobre Rosalía teña influído unha vergoñosa cautela de natureza purista, que viría a desvirtualos presupostos básicos da pureza lingüística (irmán da pureza racista), demostrando que unha lingua contaminada ou híbrida, pode ser tan bo ou mellor instrumento de comunicación, como o é unha pura, limpa, incontaminada e sempre igual a ela mesma, se iso fose algunha vez posible.

Consecuencia de tal comportamento foi que non só o castelán agalegado, o galego acastelanado e mesmo o galego puro e simple, non foron estudados na medida esperable, de sorte que aínda hoxe restan zonas escuras na obra rosaliana que non sabemos esclarecelas doadamente. En proba do que afirmamos imos examinar algúns aspectos léxicos da súa obra galega que poden servir de demostración.

Damos por certo que a escritora galega desexaba alcanzar un auditorio castelán, e aínda se nos apuran, ía dirixida a súa obra reivindicativa case mais ós casteláns que ós galegos, aínda que o galego fose a linguaxe utilizada, e as súas xentes os destinatarios máis directos.

Por iso, ó publica-los *Cantares Gallegos*, dado que aínda non se achaba un dicionario galego-castelán (o de F.J. Rodríguez estaba aparecendo ese mesmo ano) ó alcance de todos, tivo que engadir-lle un *Glosario*. Sorprende que o *Glosario* sexa feito por Don Manuel Murguía, o seu home e non por ela, como se el dominase mellor o galego ca ela, que era a que o escribía. Probablemente é a cortesía cara o castelán, que Rosalía imaxina coñecerá mellor o seu marido ca ela, a que determinaría tal cousa. O *Glosario* na súa primeira edición explicaba 208 vocábulos, na segunda 247 e na

terceira quedou sen alterarse, baixando a 246 na cuarta, segundo os cómputos de Bouza Brey.

Compre sinalar que as *Follas Novas* xa saíron sen Glosario, e probablemente sería porque o galego xa dispoñía de dous dicionarios, o de F.J. Rodríguez e o de J. Cuveiro, publicado en 1876, e, se non se quere contar, co que viña na *Gramática* de F. Mirás, nacida un ano despois dos *Cantares Gallegos*.

Conviría facer unha demorada comparanza entre o léxico completo galego de Rosalía e o contido no Glosario, a fin de saber cal foi o criterio que determinou a súa selección, xa que é de sobra sabido que quedou fóra del unha gran cantidade de voces galegas, e polo contrario entraron como galegas algunhas verbas que son casteláns.

Comenzaremos advertendo que a mediados do século XIX para as xentes letradas que pretendían escribir en galego, galego era todo elemento lingüístico que non coñecían no seu castelán, ou cando máis non figuraba no dicionario da Real Academia. E natural que así sexa, pois aínda agora nos costa traballo determinar se certas verbas son orixinariamente galegas ou alleas a nosa fala.

De calquera xeito o apenas nacido primeiro dicionario galego xa deixa nota-la súa influencia no *Glosario* de Murguía, basta lembrarse das “*balocas*, patatas pequenas”. Rodríguez, en su *Diccionario Gallego-castellano*, quere que signifiquen “castañas”, onde amosa outro sentido diverxente, ou do que di en “*bulir*, hacer una cosa aprisa, moverse de una parte a otra y cuanto se parezca a lo que perfectamente definió Rodríguez “*hervir de gusanos*”, pues se dice a menudo *bulígame a sangre*” (sic, non *o sangue*) como facendo un eloxio, das dotes lexicolóxicas do decano dos nosos dicionarios. Non é arriscado supoñer unha certa influencia do dito dicionario na definición de *compango* “lo que comen después del caldo”, corrixida con un “*o mejor aun*, como la misma voz lo indica, “lo que comen con pan, pero que merece el nombre de comida”, aínda que non sexa un modelo de claridade. Quizais ocorra o mesmo nas verbas *cos* e *dipinicar*, mais non é doado demostralo.

Se un se pon a ler amodiño e coa pena na man vai apuntando as verbas usadas nos *Cantares Gallegos* aínda pode sorprenderse, non só das voces que non se achán no *Glosario*, senón daquelas que non se atopan nos dicionarios. “Xa que non qués, / no camiño che colla / *vento de vira* / cun saco de *molla*”. Quen non saiba galego tentará consultar un dicionario para saber con precisión o significado do sintagma, se mira en *vento* non achará unha explicación do que quere expresar ese “*vento de vira*”. Xa que no *vento* non encontra nada, irá procurar se acha algo na *vira* e alí verá que a *vira* é unha “tirilla de cuero que se clava alrededor del zueco”, senso que non ven a conto co *vento* do sintagma. Polo contexto non é difícil imaxinar que pode se-lo *vento de vira*, pero unha cousa é imaxinar e outra precisar; se acudimos ó portugués para estudar o sintagma non achamos nada semellante nos seus repertorios lexicográficos; o mesmo cabe dicir das outras linguas romances, no provenzal áchase un *ben birayre* “*vent changeant*” (1) que se asemella un pouco ó *vento de*

(1) Cfr. W. von Wartburg, *Französisches Etimologisches Wörterbuch* (citado FEW), XII, Basel, 1961, p. 387 a).

vira, que non ten máis explicación que a de supor que *vira* é un sustantivo verbal ou deverbativo de *virar*, que aínda non está sinalado nos dicionarios, e podería identificarse coa *virazón* “viento que sopla del mar”, aínda que non dispoñemos de documentación que nos asegure o emprego do sintagma, e nesta orde, porque na de *viravento*, onde *vira* é verbo, a documentación e presenza da verba nos dicionarios está ben acreditada.

Se alguén quixera verificar que é un saco de “*molla*” levaríase un chasco ó tratar de buscalo nos dicionarios, pois aínda que tarda en aparecer neles (comeza en Carré, 1928-1933) o seu significado non convén ó contexto: “*molla*. Mojadura, acto de mojar”. Non precisamos demostrar que unha *molladura* ou o *acto de mollar* costa traballo metela nun saco, como esixe o verso de Rosalía. Tamén aquí estamos diante dun derivado verbal de *mollar*, indicando non o *acto de mollar* senón a cousa que molla, a *agua*, a *chuvia*, un *saco de molla*, quere dicir un *saco de chuva*, de *agua*. Poden acharse casos similares no dominio galorrománico, *mouille* no ant. lyon. significa “*tourbillon d'eau*” (1529) como pode verse no FEW, VI, 3, p. 45 a.

Outras veces achamos expresións un tanto raras que non teñen un sentido cabal no Glosario de Murguía: “mais el, *xa doito*, / de amoríños entende, / de casar pouco”. ¿Que quere dici-lo sintagma *xa doito*? Case non faría falta preguntalo pois parece se-lo mesmo que o castelán “*ya docto*”; se así o crésemos cometeríamos un pequeno erro, pois mellor sería darlle por equivalente o castelán “*ya ducho*”, e aínda así non acertaríamos a poñerlle o significado que tenta darlle Murguía no Glosario. Alí achamos unha entrada moi extraña: “*adoito*”, como se o sintagma fose “*x'adoito*” ou “*xa adoito*” e por erro de imprenta pasou a escribirse como “*xa doito*”; só así ten xeito a glosa en Murguía, aínda que a explicación non sexa modelar: “*Adoito*, donde estoy siempre. Usase también esta palabra en el sentido de acostumbrado, como se ve en el refrán: *O que n'está adoito ás bragas, as costuras lle fan llagas* (sic. por *chagas*); otros dicen: *ó que non está afeito...*”. Non precisamos sinalar que é a segunda acepción a que convén á pasaxe indicada, porque a de “donde estoy siempre” non ven ó caso. Para dar conta dela teremos que imaxinar que respondería a unha pregunta deste xeito: “¿Onde estarás? —Onde o teño *a doito*” ou “Onde estou *adoito*”, tamén convén indicar que non é construción documentada con frecuencia. Sospeitamos que a grafía dos *Cantares* (“*xa doito*”) puido ter sido modificada por influencia do *Diccionario* de F.J. Rodríguez, que escribe e define así a palabra: “*Doito*. Esta voz significa costumbre, precedida del adverbio *ja* o *j'o ha doito*, ya lo acostumbra” (p. 52). Debemos advertir que no *Diccionario* de Rodríguez, estaba tomada de Sarmiento: “e que non ll'e *adoito* / tan buxán emprego” Copla 962 (2), e foi definida polo editor do manuscrito de Rodríguez, Don Antonio de la Iglesia, sen dúbida contando co uso vivo. En troques J. Cuveiro, escribe así a verba, e ademais ponlle unha definición que sospeitamos imaxinada: “*Adoito*. Pena, sufrimiento; costumbre en algunas par-

(2) Cfr. *Colección de Voces y Frases Gallegas*, ed. y estudio por J.L. Pensado, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1970, p. 144.

tes" (p. 11). Nada xustifica os sentidos de "pena, sufrimento" como demostraremos noutra ocasión.

Xa dixemos nalgún traballo que como consecuencia do retorno dos nosos emigrantes, acostumados a vivir nos medios sociais marxidados, penetran no galego, ás veces desmaliados, ás veces non, unha serie de castellanismos da fala xergal das zonas de emigración. Se no século XVII chegounos a *bauca*, no XIX non nos faltan casos semellantes, entre eles podemos sinalar o *peneque* e *pifando* que ocorren nestes versos: "todíños *peneques*, alegres todíños... / I a nosa señora detrás do tonel" ... "Coa vista turbada, cos ollos dormentes, / sorrindo comendo, *pifando* e aínda mais, / ¡qué apertos, que olladas tan chuscas trocaban / as nenas de xenio cos *mozos de Cais!*". A verba primeira, *peneque*, xa se tiña por voz compartida polas dúas linguas, de ahí que non necesitase glosa alguna, aínda así J. Cuveiro non dubida en incluíla no seu Dicionario: "*Peneque* (fam.) Borracho" (p. 243) o mesmo que Valladares, ben que como voz común ás dúas linguas: "*Penèque*. com. fam. Borracho o casi borracho" (p. 443). A outra verba, *pifando*, foi considerada por Murguía como particular galega, de aí que a incluíse no *Glosario*: "*Pifar*, lo que se entende vulgarmente por *empinar el codo*". Unha ollada ó *Diccionario* da Real Academia Española, xa na 5ª edición (1817), bastaba para achala verba "*peneque*. Fam. El que está borracho. *Ebrius*", e tamén o verbo "*Pifar*. Germ. Picar el caballo para que camine", aínda que este último teña un sentido lixeiramente diferente, que pouco despois vai pasar do dominio xergal ó familiar acadando un novo sentido, como mostra o *Diccionario Nacional* de R.J. Domínguez onde xa se recolle: "*Pifar*. V. a. fam. Beber o empinar el codo medianamente o de lo lindo. Se usa en algunas provincias. Germ. Picar el caballo para que camine o marche a buen paso. *Pifarse*, v. pr. Beberse regular porción de vino o licor. Achispase o ponerse algo alegre. Ambas acepciones se usan en algunas provincias y en locuciones análogas a estas: *es hombre que se pifa media azumbre de una sentada; tiene la desgracia de pifarse demasiado pronto, o a poco que beba*, etc. O lexicólogo de Verín engade pouco despois: "*Pifo*. S.m. Germ. Capote o tudéquillo. Adj. vulg. *Bebido*. Se suele usar en alguna frase por el estilo de: *estar pifo*, estar chispo o alegre. *Por supuesto a cien leguas, no sólo del lenguaje culto, sino del regular y mediano: pero en un diccionario todo cabe, cuando es algo expresivo y lo ha sancionado el uso*. Testigo el Padre Terreros, que hasta de palabras nada decentes y más que profanas, se ocupó en ocasiones, como hombre sabio, de experiencia y mundo". No *Diccionario Nacional* (a 4ª edición é de 1851) acháanse moi ben representados os derivados do termo da fala familiar: *pifado*, *pifador*, *pifadura*, *pifamiento* e *pifante* abundan para facernos ve-los pulos da verba de moda. Tanto *peneque* como *pifar* entran no portugués, unha como *pineca* "embriaguez", *bai pineco* (3), e outra como "*pifar*, fam. beber, beber de mais" (4). Os nosos dicionarios etimolóxicos

(3) Cf. H. Kröll, *Designações Portuguesas para "embriaguez"*, Revista Portuguesa de Filología, VII, Coímba, 1956, p. 86.

(4) Entra na 3ª edición do *Diccionario* de Caldas Aulete, segundo adverte Kröll, aínda que non se pode compartilo que afirma respecto á orixe castelán, sostida polo autor do dito dicionario: "un *suposto* vocábulo esp. *pifar*, que não existe, a nosso ver".

(Corominas, V. García de Diego) non ofrecen moita información sobre as dúas verbas, en *peneque* a data (1836, Peralta, en Corominas) ten que adiantarse xa que está no DRAE de 1817, como temos dito; en *pifar* non se ten en conta o sentido que aquí comentamos. A orixe de *peneque* áchase no gascón *penèc* “pendant, qui pendille” (S. Palay) a de *pifar* na acepción xergal “picar el caballo para que camine” (Hidalgo, 1609) está a. alem. med. *pfifen* “silbar”, e queda por determinar se desa deriva a usada en Rosalía, ou se ven por outros camiños, xa que no argot francés tamén se coñece se *piffer* “s'enivrer” (5) e alí *pifé* “viño”.

Os *mozos de Cais* son os que están *peneques* e *pifan* que é un contento; como o Antón Terelo da *Parola de Cacheiras*, veñen de servir da cidade ilustrada, son *majos* e están cargados de *maxesa*, outras dúas verbas que teñen gran predicamento entre a burguesía da provincia de Santiago. ¿Como pronunciaría Rosalía a primeira verba *majo* ou *maxo*? E moi probable que como en castelán, posto que nunca escribe *maxo* e en troques sempre escribe *maxesa*. ¿Quen ía dicir que o *majo* de Madrid de 1725 que nos rexistrou Sarmiento (6) ía tardar case século e medio en familiarizarse en Galicia...!

Vexamos agora outra verba empregada por Rosalía, e que o seu marido se creu na necesidade de incluíla no *Glosario*, trátase do *fricol* que ocorre nesta pasaxe: “Dame acá seis, / que un *fricol* che faría, / que ó mesmo rei / que envidiar lle daría”. No *Glosario* explícase: “*Fricol*, un frito cualquiera”, e aínda se engaden unha “*Fricolada* o *fricolada*, frito de muchas y diversas cosas” que non serven máis que para afirmala definición precedente, xa que non atopamos as pasaxes onde se empregan.

A glosa era necesaria xa que a palabra non se encontra recollida no *Diccionario* de Rodríguez, se é que a consideramos, como fai Murguía, voz típica galega. Non fai falla dicir que a explicación de Don Manuel non deixaría satisfeito ó fínenos esixente dos cocineiros. Aínda que os *ovos* eran pasto regalado, e no *fricol* entre media ducia, non imos pensar que serían uns vulgares *ovos frixidos* ou *fritos* ou unha simple *tortilla*. De calquera xeito non se pode negar que a definición de Murguía, como se fose modelar, ou como se ninguén soubese o que significaba e poidese introducir algunhas precisións definitivas, pasou ó *Diccionario* de Cuveiro deste xeito: “*Fricol*. Fritada” (p. 140) operando unha simple abreviación sinonímica, posto que a mesma carga semántica encerra “un frito cualquiera” que “una fritada”. En troques, no caso da *fricolada*, a labourea de Cuveiro non foi moi traballosa, limitouse a reproducila como estaba no *Glosario*, dando entrada aparte á *fricolada* quedando deste xeito: “*Fricolada*. Frito de muchas y diversas cosas”. O *Diccionario* de Valladares, introduce unha nota léxica interesante, pon o equivalente léxico castelán: “*Fricol*: *fricolada*. *Fricó*, especie de plato o guisado. = Frito de muchas y diferentes cosas” (p. 263). Sabido isto acodimos ó DRAE dos tempos de Rosalía para informarnos un pouco mellor do que é un

(5) Cfr. Wartburg, FEW, VIII, Basel, 1958, p. 444. montada sobre a base *piff-*, cfr. tamén o tomo XVI, pp. 620-621.

(6) Cfr. J.L. Pensado, *Sobre la Vida de San Ildefonso y otras noticias literarias Dieciochescas*, en *Studia in Honorem R. Lapesa*, II, Madrid, 1974, p. 462.

fricó, e logo comprobamos que a palabra non está incluída no dicionario. Por iso faise obrigado ir ó *Diccionario Nacional* de Domínguez, e alí xa encontramos un “*Frico*. Especie de plato o guisado; manjar más o menos apetitosamente aderezado o condimentado”. Sorprende que sexa omitido o acento da vocal final, e iso mesmo observamos en varios dos dicionarios que tivemos presentes, como se a verba fose paroxítona, e isto contrasta coa que pon Valladares, que é oxítóna.

Non resulta difícil adiviñar que *fricó* é un galicismo, pois reproduce exactamente o francés *fricot*, que significa “guiso” ou “comilona”, con amplísimos matices como pode verse en Wartburg (7). Mesmo existe dentro do argot a expresión “*faire fricot*” que se semella sorprendentemente á empregada por Rosalía e significa “facer unha comida delicada e abundante” (8). O *fricot* francés comenza a rexistrarse en 1766 e *faire fricot* en 1799, é doado supor que o galicismo chegase a España máis tarde, se ben temos que confesar que estamos moi mal informados da súa cronoloxía en castelán. J. Corominas (DCECH, s.v. “fricasé”) cita o fr. *fricot* “guisote”, sen mencionala adaptación hispánica que comentamos e menos aínda a galega; en troques, no *Diccionari Etimològic i Complementari de la Llengua Catalana* (IV Barcelona, 1984, s.v. “fricandó”) engade un *fricot* menorquín, que significa “batiburrillo, confusión”, desprovisto de referencia cronolóxica algunha.

Non fai falla demostrar que do *fricot* francés ó *fricol* galego pásase moi doadamente, e tampouco é preciso demostrar que a pasaxe se verifica por medio do castelán. Unha vez máis un galicismo de natureza marxinal, o *faire fricot* ven repousar no galego castizo e na lingua poética de Rosalía, coa curiosa particularidade de que o sentido concreto da pasaxe de Rosalía está máis preto de facer unha comida delicada e abundante, como esixe a expresión argótica do francés, que do que lle puxo Don Manuel Murguía no seu Glosario. ¿Non serían os galegos da emigración, servintes nas casas dos señoritos afrancesados de Cádiz os que traerían o galicismo á nosa terra? É posible que así sexa, mais aínda non dispoñemos de probas para aseguralo.

Non convén esquece-lo que dicía o autor de un dicionario de *Voces, Frases y Locuciones Gallegas* que pronto publicaremos: “En la antigua provincia de Santiago hacen siempre fuerte la G suave y viceversa: dicen *jato* por *gato*, *jalo* por *galo*, y castellanizan las palabras, especialmente los nombres propios, ya no dicen *Bieito* sino *Benito*, *Jan* sino *Guan* o *Juan*, etc. *Dicen unas palabras en gallego y otras en castellano, resultando con estas alteraciones muy corrompido el dialecto, que es muy variable, aun de parroquia a parroquia*”. E decíanolo en 1862, un ano antes de que se publicasen os *Cantares Gallegos* expresando con exactitude unha diversidade lingüística contrastable coa das outras zonas de Galicia.

Imos agora ver outra palabra que aparece no seguinte contexto: “Debaixo dos ricos pareaguas de seda, / que abertos formaban *tamaño rodel*, / todíños chispados, / que cousas decían! / I a nosa señora detrás do tonel”. ¿Qué é un *rodel*? pode pre-

(7) Cfr. Wartburg, FEW, II, Leipzig, 1934, pp. 792-793.

(8) Cfr. G. Esnaut, *Dictionnaire Historique des Argots Français*, Paris, Larousse, 1965, p. 313.

guntarnos calquera que non saiba galego. Debería ser unha verba moi común en galego e de sentido abondo claro, tanto que Murguía non considerou preciso incluíla no seu *Glosario*, e o mesmo fixeron tódolos editores de Rosalía, se non nos enganamos. Sería lexítimo supoñer que poderá acharse en calquera dicionario galego. E sen embargo non é así. Se un consulta os dicionarios de Rodríguez, Cuveiro, Valladares, Vocabulario Popular e Carré 1ª e 2ª edición, quedará sorprendido ó ver que neles non se inclúe a voz *rodel*. A cousa cambia na 3ª ed. do *Diccionario Galego-Castelán* de L. Carré (La Coruña, 1951), alí achamos un *rodel* que significa "cada uno de los corchos de forma redonda, que van unidos a la red de pesca por la parte superior" (p. 656). Se o sentido non cadra á cita de Rosalía, cadra a forma, tanto que podemos dicir que ambas son unha mesma voz con dous significados, un na linguaxe mariñeira e outro na fala común, e posiblemente o segundo procede do primeiro. Non fai falla dicir que *rodel* ten algo que ver coa *roda*, así como o diminutivo *rotella* dou a *rodela*, un masculino *rotellu* dará en galego un **rodelo*, que logo pasa a *rodel*. O malo é que esta perda do *-o* final non se pode explicar dentro das normas evolutivas do galego. Se *mantelo*, *portelo*, *cadelo*, etc., non o perderon ¿porque ía perdelo ese hipotético **rodelo*? Sen dúbida porque non é voz tradicional galega. Se un pescuda a súa historia acha que non ocorre en portugués nin na lingua medieval. Falta tamén en Sarmiento e Cornide, só nas *Papeletas* de Sobreira aparece incidentalmente na seguinte: "*Tirafondo*. Lugo. Especie de barreno para tirar los fondos, medianos, que están en medio dos *rodeles*, que son las dos piezas últimas laterales" (9). Agora con outra acepción, que non é precisamente unha roda senón un segmento de círculo, e que recibe tamén o nome de *chantel* ou *chanteles* que Sarmiento define así: "son las dos piezas últimas, segmentos de círculo" de los fondos de un barril (10). Esta acepción lucense cadra aínda menos que a sinalada á pasaxe de Rosalía. Para explicala súa forma debemos supoñer que estamos diante dun préstamo do catalán "*rodell*. Peça de suro rodona, amb un forat enmig, que serveix, amb altres d'iguals, per a sostenir flotant una xarxa (Marèsme)" (11), coa adaptació da *-ll* as normas fonéticas e fonoloxicas galegas, que só usan nesa situación a *-l*, por iso *rodel*, forma conservada aínda na linguaxe mariñeira. A explicación do préstamo é doada se se ten en conta que no século XVIII a pesca tradicional galega foi invadida e colonizada polos cataláns, e con eles veu a verba que nomeaba a rodiña de cortizo que sostiña as redes. Que chegara a Padrón non é raro e que sobrepasara os límites da linguaxe mariñeira nada ten de raro, e menos aínda que Rosalía atinase a imaxinalos "ricos pareaguas de seda" como *tamaños rodeles*. A voz de Sobreira pode chegar polo camiño da tonaría da salazón da sardiña, ou das rexións astur-leonesas onde se da a perda da

(9) Cfr. *Papeletas de un Diccionario Gallego*, edición y estudio crítico por J.L. Pensado, Orense, 1979, p. 459.

(10) Cfr. *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega*, edición y estudio por J.L. Pensado, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1973, pp. 119 e 307.

(11) Cfr. A.M.^a. Alcover, F. de B. Moll, amb la col·laboració de M. Sançhis Guarnier i A. Moll Marqués, *Diccionari Català-Valencià-Balear*, tom IX, Barcelona, 1969, p. 529.

-o, aínda que non sería imposible que esteamos diante dun galicismo semellante ó seu sinónimo *chantel* que xa estudiamos noutra ocasión.

Vexamos agora outra palabra que aparece no *Glosario*, e que a noso ver ten un sentido diferente do que sempre oímos, referímonos a "*estricadas*, escuetas, estiradas, largas". Dende pequeno oín o dito. "*estrica* as pernas que vas pasar un tunel" referido ó borracho ó que lle caeu unha mosca no vaso de viño; a mensaxe era que *encollese* as pernas, non que as *estirase*. A orixe da voz está sinalada por J. Corominas (DCECH s.v. "estricote" e na edición anterior) trátase de un xermanismo de orixe francés e o máis curioso é que o fr. med. *estriquer* "passer un bâton sur la mesure pour faire tomber le blé qui est de trop" (Wartburg, FEW, XVII, p. 257) "frotter", "amincir" ofrece os mesmos sentidos, aparentemente contrarios, xa que tamén alí *soi estriquier* é "s'étirer, allonger le bras" e *estriquer ses pieds* val por "appuyer ses pieds contre qch en s'allongeant en arrière pour pouvoir tirer avec plus de force" (*ibid.*, p. 259 b), sen esquecer que *étriquer une scène, un discours* ven a ser "en retrancher une partie", co que chegamos a un sentido non moi distante do *estricar* de pernas da mosca xa mentada. Así resulta sorprendente para nós que se media pouca distancia entre a terra de Rosalía (Padrón) e a nosa (Negreira) non se pode dicir o mesmo a respeito do sentido de *estricar* e *estricado*, e o máis sorprendente é que esa mesma diferenza teña tamén lugar no remoto país da súa orixe. Os dicionarios galegos aínda non recolleron esta segunda acepción contrastante coa de Rosalía.

Outro tipo lexicográfico moi frecuente en Rosalía é o hibridismo lingüístico, pero o seu estudio daría para moitas páxinas, e agora só queremos chama-la atención para o *boxe* "boj" do *Glosario*, que é unha simple galeguización da verba castelán *boj*, a forma tradicional galega era o *buxo* que todos coñecen anque non sexa senón polo *trompo* ou "peonza". No mesmo caso áchase o *emboucar* que é o castelán *embaucar*, co pequeno troco de *au* en *ou*, as *torrexas*, o *trian* por *trinan*, o *conexo* arreglo do *conejo*, o *garular* frente ó *garrular*, as *sirigüelas*, o *acobexarse* cara ó *acobijarse*, o *mormuxar* xunto a *murmullar*, o *agaxaso* montado sobre o *agasajo*, e así tantas outras que non podemos sinalar pola limitación do tempo.